



BASES ENTROIDO

O vindeiro día 17 de febreiro de 2026 terá lugar o tradicional desfile do entroido. E polo que este Concello de Carballeda de Avia convoca e regula os diversos actos ou eventos que se desenrolarán ese día mediante a publicación das seguintes:

BASES:

1. A participación implica a aceptación das presentes Bases e está aberta a todas as asociación de veciños, culturais, grupos, colexios, parellas e individuais, adultos e infantís... que o desexen. As dúbidas serán resoltas nos teléfonos 988487000 ou no 636470167 (L.-V. de 09:30 a 14:00hs).

2. As **inscricións** para participar no desfile, presentaranse na oficina do Concello de Carballeda de Avia **de luns a venres en horario de 09:30 a 14:00 hs. Tamén no correo cultura@carballedadeavia.com**

O prazo de inscrición rematará o venres día 13 de febreiro ás 14.00 horas.

3. Para participar como grupo ou pequena comparsa deberá ter como mínimo 3 compoñentes ata un maximo de 9. Para participar como comparsa ou agrupación deberán ter como mínimo 10 compoñentes, sen máximo establecido. Poderán participar nos concursos infantís as nenas e nenos con idades comprendidas entre os 0 e 14 anos. Maiores de 14 anos corresponden a modalidade de adultos.

4. Os participantes no desfile comprométense a responsabilizarse das accións ou omisións que se produzan durante o mesmo, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade por ditos actos.



Concello de

Carballada de Avia

Concellería de Cultura, Patrimonio e Turismo

5. Os participantes que leven carrozas, remolques ou outro tipo de vehículos serán responsables dos mesmos e das autorizacións que se lle puidesen requirir ó seu efecto, sendo responsables á súa vez da seguridade dos mesmos. Nos camións colocar “faldóns ríxidos” nas rodas a fin de evitar que ningunha persoa (sobre todo nenos/as) poidan meterse baixo as rodas.

Os participantes veranse obrigados a comunicar as medidas da súa carroza ou remolque á organización no momento da inscrición co fin de adoptar as oportunas medidas de seguridade.

6. A organización resérvase o dereito de participación de Comparsas, Grupos ou Individuais, podendo en calquera momento variar estas bases por razóns de seguridade ou interese xeral, excluindo no momento os que poñan en perigo a seguridade propia ou a de terceiros.

Os participantes no desfile atenderán en todo momento as indicacións facilitadas por a organización e por o persoal de Protección Civil.

7. Para optar ós premios é obrigatoria a inscrición previa e a permanencia no lugar dos actos ata a entrega dos mesmos. Igualmente no caso das agrupacións, das que alomenos un 80%, do número total de participantes anotados inicialmente, permanecerán no lugar dos actos.

8. Os participantes anotados o desfile, deben estar no lugar asignado pola organización ás **16.00 horas** para proceder a súa colocación e comezar en hora o desfile. **O desfile dará comezo ás 16:30 horas.**

Poderán participar no desfile tódalas aquelas persoas que o desexen **previa comunicación** os membros da organización.

- Punto de Inicio: Biblioteca Municipal

- Punto de remate: Alameda

9. A orde de desfile das comparsas seralle comunicado no día do desfile. Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para 2

Concello de Carballada de Avia

Rúa Castelao, nº4, Carballada de Avia. 32412 (Ourense). Tfno. 988487000. Fax: 988487176



Concello de

Carballada de Avia

Concellería de Cultura, Patrimonio e Turismo

excluír do desfile ou cambiar o seu posto de orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...).

10. Queda prohibido o uso de petardos, esprais ou lanzamento de obxectos perigosos ao público, quedando excluídos do concurso ou remuneración os que incumpran este punto.
11. As carrozas e comparsas deberán levar unha velocidade lenta para amosar o seu traballo, non podendo deterse no percorrido, salvo causa maior xustificada.
12. Considerarase “carroza” aquela plataforma autopropulsada ou remolcada por un vehículo, que cumpla con unas medidas mínimas aproximadas de 2,50m de ancho e 4m de longo. O resto de remolques e “carretillos” manuais pódense levar como complemento o disfraz. Se estes levan música terán unha compensación económica.
13. Queda totalmente prohibido levar calquera tipo de animal solto no desfile, quedando a organización capacitada para tomar calquera tipo de decisión sobre este aspecto por motivos de seguridade.
14. O concurso de, parellas e individuais nas dúas modalidades tanto adulto como infantil, basearase nun sistema de votacións no que cada un dos membros do Xurado outorgue 10 puntos do 1 ó 10, sendo 1 a máis baixa e 10 a máis alta. Ó final de dita votación, os membros da organización procederán ó recuento de votos acadando así os premios os que máis votos reciban.

O Concello de Carballada de Avia declina calquera responsabilidade sobre as votacións que o Xurado emita de cara a elección dos distintos premios.

Os membros do Xurado serán dados a coñecer previo a emisión dos premios. Estes están obrigados a acatar as presentes Bases e a emitir o seu voto, independente e imparcial, no momento de serlle requirido por a Organización, non podendo escusarse baixo ningún concepto. Se por causa de forza maior, debidamente valorada por a Organización, calquera dos membros do Xurado non puidese emitir o seu voto en todas ou algunha das categorías, comunicarllo a Organización e designará un substituto para tal fin.

O Xurado resérvase o dereito a descalificar aquelas persoas con disfraces que, ao seu xuízo, poidan resultar ofensivos, de dubidosa interpretación ou que non cumpran as ³

Concello de Carballada de Avia



normas que ao longo da comitiva vaia transmitindo o persoal da organización, que irá debidamente identificado.

As decisións do xurado son inapelables, atendendo en todo momento calquera tipo de reclamación ó efecto de participación con opción a premio.

15. Os interesados en participar nos **concursos infantis e adultos (individual e parellas)**, poderanse anotar ata o mesmo día antes da celebración do concurso.

16. Poderase participar no desfile sen necesidade de optar a premio, polo contrario non se poderá optar a premio sen haber participado previamente no desfile.

17. PREMIOS E AXUDAS ECONÓMICAS Á PARTICIPACIÓN:

Co ánimo de incentivar a participación nesta festa tan tradicional o Concello de Carballada de Avia establece as seguintes compensacions (ata esgotar orzamento):

- Cada agrupación ou comparsa (10 integrantes mínimo, sen máximo de componentes) recibirán 250 € por participar no desfile.
- Cada grupo ou pequena comparsa (3-9 integrantes) recibirán 150 € por participar no desfile.
- Os membros dos grupos e as agrupacions teñen dereito a 5 € por participante no desfile, cun máximo de 150 €
- Os grupos ou agrupacions que leven música durante o desfile terán una compensación de 50€. (o son terá que ser suficientemente audible durante todo o traxecto).
- Os grupos ou agrupacions que leven carroza durante o desfile terán una compensación de 100€.

Establécense os seguintes premios para as persoas participantes nas distintas modalidades de concursos:

- Premio parellas adulto: 100 €
- Premio individual adulto: 50 €



Concello de

Carballada de Avia

Concellería de Cultura, Patrimonio e Turismo

- Premio parellas Infantil: **Cheques regalo.**
- Premio Individual infantil: **Cheque regalo.**
- Premio especial do xurado: **50 €**

A organización, por proposta do xurado, poderá conceder un Premio Especial do Xurado de carácter excepcional. A concesión deste premio será potestativa e poderá quedar deserta.

- **Será obrigatorio recoller o premio disfrazado**, para amosar así o traballo realizado.
- **Os premios faranse entrega o longo da tarde na festa posterior o desfile**
- **En relación a participación, algúns premios poderán quedar desertos.**

18. O feito de participar supón a plena aceptación das presentes bases. O incumprimento de ditas cláusulas dará lugar á falta de pagamento.

As presentes Bases serán expostas o público, dende o momento da súa publicación, no taboleiro oficial de anuncios e edictos do edificio consistorial e na páxina web oficial do Concello de Carballada de Avia, mais aínda que se publique en redes sociais.

19. Tratamento de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal aportados polas persoas participantes serán tratados polo Concello de Carballada de Avia como responsable do tratamento, coa finalidade de xestión da participación nas actividades do Entroido 2026 e nos concursos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e participación no mesmo, baseada no interese público da actividade e na súa solicitude de participación na mesma.

Os datos relativos as persoas premiadas, así como a súa imaxe, poderán ser obxecto de difusión pública ou publicación, e cando o premio inclúa prestación económica serán comunicados as entidades bancarias co obxecto de realizalo seu pago, á administración tributaria e outro organismos públicos con competencia na xestión e fiscalización contable.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recollidos e para determinar as posibles responsabilidades que se

puidieran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español.

5

Concello de Carballada de Avia



Concello de

Carballada de Avia

Concellería de Cultura, Patrimonio e Turismo

Os datos das persoas premiadas con dotación económica conservaranse de conformidade co disposto na normativa tributaria aplicable.

Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Carballada de Avia, Rúa Castelao nº4, 32412 Carballada de Avia (Ourense) ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Carballada de Avia, 12 de xaneiro de 2026